

## QUE É O PROGRAMA DE APOIO A EMPRESAS AGROALIMENTARIAS?

É un programa de formación e asesoramento orientado a axudar aos emprendedores no deseño e implantación dos seus proxectos empresariais, así como para empresas existentes que precisan abordar proxectos de mellora ou de expansión.

## CAL É O SEU OBXECTIVO?

O programa consta de tres modalidades cos seguintes obxectivos:

### EMPRENDEMENTO

(Creación de novas empresas): axudar a emprendedores a desenvolver as súas ideas empresariais, convertelas en proxectos de negocio e materializalas en empresas innovadoras e competitivas.

### CONSOLIDACIÓN

(Consolidación de empresas): axudar ás empresas a consolidar os seus proxectos empresariais tratando de mellorar o seu funcionamento mediante a titorización e o asesoramento na toma de decisións en todos os ámbitos do negocio.

### CRECIMENTO

(Desenvolvemento de novas liñas de negocio e propostas de valor): axudar a empresas en funcionamento a xerar novas liñas de negocio e propostas de valor, desenvolvendoas e axudándolles na súa implantación.



## QUEN PODE PARTICIPAR?

Poden participar no programa iniciativas dos sectores agroalimentario, forestal, pesqueiro e marisqueiro, así como, proxectos de base tecnolóxica e servizos relacionados cos anteriores, que contribúan ao desenvolvemento do medio rural en Galicia.

### EMPRENDEMENTO

Poderán participar aquelas persoas que queiran crear novas empresas ou iniciativas empresariais:

- Empresas de nova creación ou en fase de lanzamento.
- Sucesión e recuperación de empresas e explotacións familiares.
- Proxectos de posta en valor de activos rurais improditivos.

### CONSOLIDACIÓN

Poderán participar aquelas empresas que, estando en funcionamento, precisen:

- Revisar a súa definición e organización estratéxica.
- Realizar unha análise da contorna ou investigación comercial.
- Crear un plan de marketing ou un plan comercial.
- Desenvolver unha estratexia online.
- Realizar unha análise de operacións e mapas de valor.
- Revisar os seus plans de financiamento.
- Realizar un estudo económico e/ou mellorar o seu control de xestión.
- Valoraranse outros aspectos estratéxicos da empresa a mellorar.

### CRECIMENTO

Poderán participar aquelas empresas en funcionamento, que queiran poñer en marcha novas liñas de negocio ou propostas de valor:

- Empresas que desexen poñer no mercado novos produtos ou servizos innovadores.
- Empresas que xeneren novas propostas de valor ou que queiran dirixirse a novos mercados.



## COMO SE DESENVOLVE?

### FASE I: SELECCIÓN DE PROXECTOS

(xaneiro 2020)

#### EMPRENDEMENTO: 5 prazas

Realizarase a través dun obradoiro de ideas empresariais de carácter selectivo de 10 horas de duración.

#### CONSOLIDACIÓN: 3 prazas

Un equipo de especialistas analizarán a situación e necesidades de cada empresa, os seus recursos e o peso específico que terá o proxecto dentro da mesma.

#### CRECIMENTO: 3 prazas

Un equipo de especialistas analizarán os proxectos máis atractivos e que máis se axusten aos criterios das bases desta modalidade.

Todos os proxectos seleccionados pasarán unha entrevista persoal.

### FASE II: DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS

(febreiro – xullo 2020)

As mellores ideas e proxectos empresariais seleccionados recibirán titorización e asesoramento para desenvolver o seu proxecto.

### FASE III: POSTA EN MARCHA DOS PROXECTOS

(setembro – decembro 2020)

Axudámosche a facer realidade a túa iniciativa, tanto de emprendemento, consolidación ou crecemento empresarial.



QUERES POÑER EN MARCHA  
UN PROXECTO EMPRESARIAL  
OU PRECISAS DE  
ASESORAMENTO NA TÚA  
EMPRESA?

Na Fundación Juana de Vega  
axudámosche

**INSCRÍBETE!**

[www.juanadevega.org](http://www.juanadevega.org)  
PRAZO ABERTO HASTA O  
30 DE NOVEMBRO DE 2019

PROMOVE



Fundación  
Juana de Vega

Salvador Allende, 92  
15176 San Pedro de Nós  
Oleiros (A Coruña)  
Tel. 981 654 637  
[info@juanadevega.org](mailto:info@juanadevega.org) ·  
[www.juanadevega.org](http://www.juanadevega.org)



COLABORAN



Programa de Apoio a  
Empresas Agroalimentarias

